

Amigas e amigos.

Co noso agradecemento á Galería Sargadelos e a vostedes pola súa asistencia, Edicións A Nosa Terra apreséntalles esta *Viaxe ao corazón de Galiza* da que é autor o poeta Xulio Valcárcel. Nesta cidade amada por min, apresentámoslle este libro tan leve e fondo na súa escrita.

Oferecese-nos como unha viaxe ás vivencias coas que o noso autor e os seus acompañantes habitan a realidade á procura das pegadas dos homes e mulleres que antes de nos andiveron e traballaron de sol a sol esta mesma terra, terra na que foron amados por ela e que tamén sofriron inxustizas de outra historia que non era a nosa, que foi non a que quixemos construír senón a que nos deixaron construír ós galegos.

Estas terras da Ulla e Chantada que verquen no río Miño, que beben nos seus espellos, que adormecen acochadas aos pés dos seus entardeceres.

Esta é unha viaxe tan íntima ao tempo que polifónica, partindo da palabra poética dunha escrita polida nas maneiras literarias, que definen ao noso querido amigo Xulio Valcárcel, que nos acompaña hoxe neste acto entrañável.

No seu narrar Xulio lévanos da man a percorrer a paisaxe para nola dizer amorosa, con palabras cheas de cálida ingrávidez.

Neste libro o noso autor parte de novo á redescuberta das terras de Chantada, este libro que segue ao xa publicado de Lois Diéguez, Martínez Oca e por Francisco Fernández Naval, que nos levou fermosamente de Noia a Fisterra nunha *Viaxe á procura do solpor*, forma parte dunha colección de viaxes de Edicións A Nosa Terra, que era unha vella ilusión editorial e que xa, libro a libro, vai sendo xa unha feliz realidade. Hai que ter moito amor ao país para erguer fermosas realidades editoriais. Nesta cidade honramos a todos, a colección Esquío que, da man de Fernando Bores, fai que publicar poesía ánda sexa posíbel

É intención nosa refundar todos os territorios da nosa nación da man dos nosos escritores e escritoras, construíndo a terra coa memoria do presente, e co mesmo presente facendo que na viaxe interior do escritor apareza a terra física, a memoria dunha terra humanizada pola man do home, coa súa arquitectura, as súas terras labradas de sol a sol acariñadas pola man do home, como ben di o noso autor; é unha viaxe sen retorno por canto é unha viaxe ao mesmo tempo que pola propia terra e os territorios vivenciados por xeracións e xeracións, é unha viaxe persoal dispois da cal un xa non é o mesmo. Neste darrle de novo a man aos nosos antepasados e sentir nos propios latexos o latexar dunha historia viva, dunha historia que nos deixou un patrimonio cultural, físico e espiritual: físico nas súas construccíons más de autor, ou nas súas construccíons más populares e anonimas, que son depositarias da sabiduría acumulada para dar resposta ás necesidades dunha terra.

O corazón de Galiza latexa unánime e comunal neste libro de Xulio Valcárcel; agardo que vostedes o lean co mesmo amor e cariño que o autor o fixo e do que nós dámoslle fe.

A colección penso honestamente que gracias aos nosos autores ten a mesma altura que a extensa e fértil serie de escritores viaxeiros que ao longo da historia fixeron livros impagáveis; na ledicia que nos deron e que a nós falaron de países estráños e fermosos en fermosos livros Gustav Flaubert, Chataubriand, Pier Loti, Kiplin, Cunqueiro, Egeria, don Ramón Otero Pedraio. Dinos don Ramón un texto que sempre leo porque é o motivo final da colección: non hai contentamento semellante ao que dá a unha alma galega a longa e pura intimidade coa terra e coa xente de Galiza.

Permitanme que lles diga algunha das obras do autor que hoxe nos acampaña: Xulio Valcárcel ten publicado en poesía *Víspera do dia*, *Solaina de ausencia*, *Presaxio de sombras*, *Alba de auga*, *Sonámbula memoria de agosto*, *O sol entre os dedos*; en narrativa *Anel de mel*, *Campo de Marte*.